

Actividade na que o usuario ha de seleccionar unha serie de palabras nun texto e corrixir as posibles faltas que puidesen ter:

Neste texto hai algunhas palabras que deberan ir con maiúscula. Trata de corrixilas.

A costa atlántica andaluza abrangue desde a desembocadura do guadiana, na fronteira con portugal, ata o peñón de xibraltar. é unha costa baixa e areosa, debido á depresión do guadalquivir. tamén hai algunhas marismas e dunas.

ACERTOS: 0/1

?

Na pestana "Actividade" atopamos:

1

2

3

4

Texto	Correcto
a	
costa	
atlántica	
andaluz	
abrangue	
desde	
a	
desembocadura	
do	
guadiana,	Guadiana,
na	
fronteira	
con	
portugal,	Portugal,
ata	
la	
de	
presión	
do	
xibraltar,	Xibraltar,
é	E
unha	
costa	

ZONA 1

Neste recadro faremos dobre clic dentro deste e aparecerá a consabida táboa de introdución de datos:

Na parte superior (1) escribiremos o texto coas palabras mal escritas. Unha vez finalizado, as palabras do texto aparecerán ordenadas unha a unha nas filas da táboa da esquerda (2); se queremos facer algunha modificación, logo de introducir as correccións no recadro (1) abonda con facer clic na devandita táboa para refrescar os datos e que aparezan as novas palabras. Na táboa da dereita (3) faremos un par de clics (ata que apareza o cursor na cela) nas celas que están xusto á dereita das palabras que haberá que corrixir e escribiremos as correccións correctamente, tal e como pode verse na imaxe. Apuntar que se algunha das palabras a corrixir ten algún signo ortográfico pegado a esta (a esquerda ou dereita) dito signo ha de incluírse tamén na palabra corrixida da táboa (3); por exemplo, se a palabra a corrixir é a do final dun parágrafo con punto e aparte (**guadiana.**) na palabra corrixida haberá que poñer tamén o punto (**Guadiana.**)

Ardora

Texto

A costa atlántica andaluza abrangue desde a desembocadura do guadiana, na fronteira con portugal, ata o peñón de xibraltar. é unha costa baixa e areosa, debido á depresión do Guadalquivir. tamén hai algunhas marismas e dunas.

Texto	Correcto
A	
costa	
atlántica	
andaluza	
abrange	
desde	
a	
desembocadu	
do	
guadiana,	Guadiana,
na	
fronteira	
con	
portugal,	Portugal,
ata	


X

ZONA 2


Unha vez finalizado o traballo anterior co texto e as táboas, na táboa da dereita aparecerá a lista de palabras do texto e as palabras corrixidas para ter unha vista global e revisar o traballo sen ter que abrir a ventá de edición. Nesta táboa aparecerá, se é necesario, un barra de desprazamento vertical para que poidamos revisar todo o texto e as palabras corrixidas. Se facemos dobre clic nesta zona, abrirase a ventá de edición ao igual que se facemos dobre clic no recadro da zona 1.

ZONA 3

Aquí podemos facer que o programa dea por válidas palabras que estean escritas indistintamente en maiúsculas ou en minúsculas (1). Se marcamos a casa "Editar unicamente as palabras sinaladas" (2), faremos que Ardora ensine ao usuario as palabras que ten que corrixir ao iniciarse a actividade; estas aparecerán recuadrar por un rectángulo:




Neste texto hai algunhas palabras que deberan ir con










Cos botóns (3) decidiremos se todos os recadros da actividade terán ou non as esquinas redondeadas e marcando a casa (4) faremos compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil.

ZONA 4

Aquí configuraremos o tipo (1) e o tamaño (2) da fonte que terá o texto a editar polo usuario. No campo (3) faremos que aumente ou diminúa o ancho da área de traballo da actividade (o alto é automático). Na lista despregable (4) elixiremos o tipo de liña dos recadros que van rodear as palabras a editar polo usuario:



"dashed" > discontinua	
"dotted" > de puntos	
"double" > dobre grosa	
"groove" > fina	
"none" > sen liña	
"ridge" > reberetado fino	
"solid" > sólida	

Finalmente, cos botóns (5) indicaremos o tipo de sombra que presentarán os recadros das palabras que o usuario seleccione no texto, tanto ao facer clic sobre elas como situando o punteiro do rato enriba destas unha vez seleccionadas: sen sombra, con sombra na parte interior ou con sombra na parte exterior respectivamente.